



IES MARÍA CASARES. Departamento de Matemáticas

MATERIA	Ciencias Aplicadas I
PROFESORES/AS	José Antonio García Porta

1º FPBásica  
2023-2024

CONTIDOS	
1ª AVALIACIÓN	T1.-Números e operacións
	T2.- Figuras planas e tridimensionais
	T3.- Linguaxe alxébrica
2ª AVALIACIÓN	T4.- Estatística
	T5.- Materiais e instrumentos de laboratorio. O traballo científico.
	T6.- A materia e os seus cambios
3ª AVALIACIÓN	T7.- A enerxía
	T8.- O corpo humano e a saúde

**CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN**

FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	PORCENTAXE NA CUALIFICACIÓN
Probas escritas e/ou orais	60%
Táboas de indicadores para avaliar coñecementos, destrezas e actitudes (traballo diario individual ou cooperativo, actividades propostas, caderno de aula,...)	40%

**CONVOCATORIA ORDINARIA****Nota de cada avaliación:**

En cada avaliación realizarase como mínimo unha proba parcial escrita por avaliación máis unha proba global que abarque todos os contidos estudados ata ese momento, e a ponderación farase proporcional ao número de unidades da proba correspondente.

Por exemplo, se se realizase unha proba parcial de 2 unidades e outra global con 3 unidades novas máis, a media das probas escritas sería:  $(2 \cdot \text{nota 1a proba} + 5 \cdot \text{nota 2a proba}) / (2+5)$

O 60% da cualificación da avaliación estará conformado pola media ponderada das probas escritas. O 40% restante obterase das táboas de indicadores nas que serán avaliados os criterios correspondentes ao bloque de Sentido socioafectivo, que se reparten ao longo de todas as unidades, e que estarán asociados a listas de cotexo e observación diaria na aula, cos que se avaliarán:

- Os traballos propostos (individuais ou cooperativos)<sup>[1]</sup><sub>[SEP]</sub>
- O caderno de aula (sendo este un 10%)<sup>[1]</sup><sub>[SEP]</sub>
- As actividades de consolidación, reforzo ou ampliación que se propoñan<sup>[1]</sup><sub>[SEP]</sub>
- O traballo diario<sup>[1]</sup><sub>[SEP]</sub>
- Actividades e/ou traballos prácticos correspondentes a actividades complementarias que se propoñan, se así o considera oportuno o profesorado que as realiza.

### **Cualificación convocatoria ordinaria:**

A nota final "provisional" do curso, que chamaremos P, obterase como a media ponderada das cualificacións das tres avaliacións (tomamos como cualificación de cada avaliación a nota numérica obtida da ponderación descrita no apartado anterior, non a nota "redondeada" que aparece no boletín de notas) segundo a temporalización elaborada na programación:

- se esta cualificación provisional é maior ou igual que 5, a cualificación na convocatoria ordinaria de xuño será esa mesma, ou poderán melloralas coa realización dunha serie de actividades de ampliación voluntarias que se poñan, podendo incrementar ata un 10% esa cualificación provisional. As actividades serán deseñadas polo profesorado de cada nivel, en base ás necesidades e características do alumnado de cada grupo.

- se esta cualificación provisional é inferior a 5, o alumno deberá acudir a un exame de recuperación, na que o alumnado cunha soa avaliación suspensa examínase só de dita avaliación, e o alumnado que suspenda dúas ou tres avaliacións, examínase dos contidos mínimos de toda a materia impartida durante o curso. Esta proba escrita farase nas últimas semanas do período lectivo segundo calendario escolar. Neste caso, se a nota do exame (que chamaremos N) é inferior a 5, a materia está suspensa, e a cualificación na convocatoria ordinaria obterase mediante a fórmula:

-->  $máx(P;N)$ , se o alumno/a se examina de todo o curso.

--> media ponderada das tres avaliacións segundo a temporalización elaborada no punto 3.1. da programación, pero substituíndo a nota correspondente á avaliación suspensa por  $máx(E_i;N)$ , no caso dunha soa avaliación;  $E_i$  é a nota da avaliación suspensa.

E se a nota do exame de recuperación é superior ou igual que 5, a materia considerábase aprobada e a cualificación obterase mediante a fórmula:

->  $máx [ 5; (0'4*P+0'6*N) ]$ , se o alumno/a se examina de todo o curso

-> media ponderada das tres avaliacións segundo a temporalización elaborada no punto 3.1. da programación, pero substituíndo a nota correspondente á avaliación suspensa por  $máx(5; 0'4*E_i+0'6*N)$ , no caso dunha soa avaliación;  $E_i$  é a nota da avaliación suspensa.

Para calcular a cualificación final da materia na convocatoria ordinaria, se o primeiro decimal é igual ou superior a 5 redondéase ao enteiro inmediatamente superior, e se é inferior a 5 deixamos a parte enteira correspondente.

### **Criterios de recuperación:**

O alumnado deberá sacar un cinco como mínimo para superar o módulo. Realízanse actividades de recuperación para dar a posibilidade de recuperar partes suspensas do módulo antes do fin de curso, sempre que non perderan o dereito á avaliación continua.

As actividades de recuperación a propoñer son as seguintes:

- Proba escrita ou oral de recuperación individual co fin de poder precisar a cualificación.<sup>[SEP]</sup>
- Traballos en relación cos contidos a recuperar, que supoñan análise, síntese, recompilación, etc.

O alumnado que non acade unha cualificación positiva, deberá e poderá realizar unha proba final en xuño, que coincidirá coa proba para os que perderon o dereito á avaliación continua, onde se avaliará de todo o <sup>[SEP]</sup>conxunto do módulo.

O alumnado que non superen a materia na avaliación ordinaria, poderá realizar unha proba, nas datas establecidas a tal efecto segundo o calendario e horario fixado polo centro. Considerábase que a materia está superada cando se obteña unha puntuación igual ou superior a 5 puntos.

## CONTACTO CO PROFESORADO

NOME	CORREO ELECTRÓNICO
Fose Antonio García Porta	japorta@edu.xunta.gal